

OBJETIVO

FENE

18 ABRIL



RAID GALLAECIA OBJETIVO FENE
BOLETÍN 2

BOLETÍN 2

CLUB **GALLAECIA RAID**





ÍNDICE

- presentación**
- descripción**
- datos técnicos**
- notas do cartógrafo**
- material obrigatorio, recomendable e prohibido**
- regulamento**
- normas particulares**
- inscricións**
- clasificacións e premios**
- información turística**
- organización**
- medio ambiente**
- colaboración e patrocinadores**

PRESENTACIÓN

O **RAID GALLAECIA OBXETIVO FENE 2026** é una proba de longa distancia organizada polo Club Gallaecia Raid, que forma parte da liga Galega de Raids de Orientación 2026, na que se combinan como medio de progresión a carreira a pé, a bicicleta de montaña e o kaiak.

Con saída dende **FENE** as 10 da mañá do sábado **18 de abril de 2026**, a proba percorrerá os montes, sendeiros e pistas, con o **OBXETIVO** de acadar a meta, de volta de novo en **FENE**, con o maior número de balizas visitadas posible antes das 8 da tarde.

O raid discorrerá polos concellos de **Fene, Neda e Cabanas**. Nesta comarca se encontran paraxes cunha beleza natural única, dos que se poderá desfrutar a o longo de carreira.





DESCRIPCIÓN

O **RAID GALLAECIA OBJETIVO FENE 2026** trátase dunha carreira con base de orientación e resistencia, na que o percorrido é segredo para os participantes, os cales só coñecerán devandito percorrido cando se lles entreguen os mapas, no momento da saída e nas diferentes transicións.

Os participantes progresarán en equipos de entre dous e cinco corredores, con ou sen substitución segundo categoría. Para elo, farán uso de diferente medios de progresión, como a carreira a pé, a bicicleta de montaña e o kaiak.


A Secretaría e Centro de Competición estarán sitas no Pavillón A Xunqueira no Paseo Marítimo de San Valentín, en Fene.

<https://maps.app.goo.gl/SPnGtJLFg2f1wnR17>

Programa da competición:

- 09:00: Apertura de Secretaría para recollida de documentación e bolsa do corredor.
- 10:00: Saída das categorías 3.0 e 2+1
- 11:00: Saída da categoría Orienta-Raid.
- 18:00: Peche de Meta da categoría Orienta-Raid.
- 20:00: Peche de Meta das categorías 3.0 e 2+1.
- 20:30: Entrega de trofeos.

Área embargada:



DATOS TÉCNICOS

Poderase participar no **RAID GALLAECIA OBXETIVO FENE 2026** nas seguintes categorías:

- 3.0: Equipos de 3 compoñentes sempre en competición.
- 2+1, Equipos de 2 compoñentes en competición e un terceiro (non obrigatorio) que poderá tomalo relevo de un compañeiro nos puntos de transición.
- Orienta Raid: Equipos cun número ilimitado de compoñentes, realizando cada sección entre 2 e 5 deles.

A modalidade do **RAID GALLAECIA OBXETIVO FENE 2026** será **RACE**. O tempo de carreira será de 10 horas, de 10:00 a 20:00. Os primeiros equipos acadarán realizar o percorrido na súa totalidade. Pola contra, haberá equipos que deberán prever descartar controis, pendentes do tempo de carreira.

Ademais do punto de saída e meta, que acollerá tamén unha transición, realizarase transición entre seccións noutros dous puntos. En ditos puntos os equipos poderán cambiar de medio de progresión, recibir asistencia, cambiar de compoñente en carreira (só nas categorías 2+1 e Orienta Raid) e avituallarse.

Salvo que se indique o contrario, as seccións realizaranse de forma lineal. Tódolos controis serán de visita opcional, excepto os controis de fin de sección, que serán obrigatorios.

O percorrido estará dividido en 6 seccións para **RAID-O 3.0 y 2+1**, segundo relaciónase a continuación:

RAID-O 3.0 / 2+1					
SECCIONES	DIST.	DESN. +	DESN. -	T. MELLOR	T. MEDIO
S1-SCORE	2	25	25	0:10	0:15
S2-BTT	17,1	505	455	1:15	1:30
S3-TRK	17,6	620	620	2:20	2:45
S4-BTT	21,7	780	830	1:50	2:15
S5-KYK	7,7	10	10	1:05	1:15
S6-BTT	15,9	360	360	1:20	1:30
TOTAL	82	2300	2300	8:00	9:30


O percorrido estará dividido en 4 seccións para **ORIENTA RAID**, segundo relaciónase a continuación:

ORIENTA-RAID					
SECCIONES	DIST.	DESN. +	DESN. -	T. MELLOR	T. MEDIO
S1-TRK	2	25	25	0:10	0:15
S2-BTT	22,5	550	550	1:45	2:10
S3-KYK	5,2	10	10	0:45	0:55
S4-TRK	11,1	275	275	1:30	1:45
TOTAL	40,8	860	860	4:10	5:05




As secciones distribúense segundo los siguientes esquemas:

Categorías 3.0 y 2+1



Categoría Orienta Raid



Notas sobre as seccións. RAID-O 3.0 / 2+1:

A primeira sección será un curto score urbano sobre ortofoto. As estradas estarán abertas a o tráfico e as beirarrúas terán tránsito peonil, polo que deberase correr con precaución.

A segunda sección e unha BTT rápida ao comezo, pero faise máis esixente na segunda metade. Os equipos que a vista dos mapas xa saiban que non completarán o raid terán unha clara opción de descarte de balizas.

A terceira sección descorre por un dos paraxes máis fermosos da comarca. Agárdavos un trekking con fortes pendentes, alternando con tramos de carreira rápida onde poderedes recortar tempo, sempre por paraxes que merecen perder un anaco en disfrutar deles. Haberá claras opcións de descarte de balizas para recortar tempo e esforzo.

Volveredes a coller a bicicleta para afrontar a cuarta sección. Será unha sección con un importante desnivel acumulado. Altéranse os camiños rápidos con os sendeiros e algún tramo técnico, onde algúns preferiredes botar a bicicleta ao lombo.

Para a quinta sección vos esperan os kaiaks, nos que visitaredes puntos emblemáticos da costa de Fene e Cabanas.

A sexta e última sección os levará de volta a o centro de competición. Será unha BTT con varias balizas relativamente xuntas na parte intermedia, que si ides xustos, vos permitirá axustar o tempo decidindo cales descartar.

Notas sobre as seccións. ORIENTA-RAID:

A primeira sección será un curto score urbano sobre ortofoto. As estradas estarán abertas a o tráfico e as beirarrúas terán tránsito peonil, polo que deberase correr con precaución.

A segunda sección e unha BTT rápida ao comezo, pero faise máis esixente na segunda metade. Os equipos que a vista dos mapas xa saiban que non completarán o raid terán opción de descarte de balizas.

Para a terceira sección vos esperan os kaiaks, nos que visitaredes puntos emblemáticos da costa de Fene e Cabanas.

A cuarta e última sección os levará de volta a o centro de competición. Será un trekking bastante lineal, con pouca opción de descarte de balizas, polo que será importante axustar o tempo nas seccións anteriores.

NOTA IMPORTANTE: Os equipos de ORIENTA-RAID que non dispoñan de asistencia para levar as bicicletas a o centro de competición dende T2/T3, poderán solicitar dito servizo a Organización. Dentro dos nosos medios, intentaremos que ninguén se quede sen participar por non teres asistencia.






NOTAS DO CARTÓGRAFO


Agás a sección 1, para a que se emprega ortofoto, os mapas de todo o Raid foron debuxados sobre da base da cartografía "Mapant" a escala 1:15.000, con equidistancias a 10 m, introducindo as modificacións que se describen a continuación:

Non se realizou unha revisión do tipo de vexetación e da súa penetrabilidade, agás nos casos nos que é determinante para atacala baliza. No resto do mapa mantense a representación "Mapant" xa que, en xeral, se observou que proporciona unha referencia razoablemente fiable.



Para mellorar a visibilidade xeral, non se mostran os elementos rochosos, agás cando son relevantes para a navegación.

Realizouse unha revisión exhaustiva das estradas e os sendeiros. Utilizouse a simboloxía de ciclabilidade propia de MTBO.




O símbolo de perigo indefinido úsase en todos os puntos onde se require precaución adicional, principalmente nos cruces de estradas.



En xeral, prohíbese circular por estradas de primeiro e segundo orde e só se permite cruzar ou transitar nos tramos indispensables. Para indicar os tramos prohibidos e permitidos no mapa utilízouse a simboloxía MTBO.



Cando un cruce de estradas é a diferente nivel (pontes ou túneles), o zigzag de prohibición interrómptese para mellorar a visibilidade, pero non se inclúen os parénteses propios de "paso permitido".



Para permitir a visibilidade dos camiños baixo os viadutos, estes represéntanse exclusivamente con bordes negros, sen a cor de recheo marrón.





MATERIAL OBRIGATORIO, RECOMENDABLE E PROHIBIDO

Material obrigatorio por corredor:

Tarxeta SportIdent, só categorías 3.0 e 2+1 (necesaria SI-Card10, SI-Card11 ou SIAC).
Recipiente para bebida de ao menos 1 litro de capacidade.
Comida enerxética.
Mochila o similar.
Manta térmica.
Asubío.
Bicicleta de montaña e casco homologado.
Kaiak, palas e chaleco (aportados pola organización).

Material obrigatorio por equipo:

Tarxeta SportIdent, só categoría Orienta Raid (necesaria SI-Card10, SI-Card11 ou SIAC).
Teléfono móbil. O seu uso está prohibido excepto para casos de emerxencia.
Botiquín de emerxencia (vendas, apósitos, esparadrapo, antiséptico, analxésicos, etc.).

Material recomendable:

Chaqueta corta ventos e camiseta térmica (en función das condicións climatolóxicas).
Compás.
Portamapas para bicicleta.
Repastos para picadas e ferramenta para bicicleta.

Material prohibido:

Reloxos e ciclo-computadores GPS con visualización de mapas.



REGULAMENTO

A proba estará regulada pola normativa aplicable aos raids de orientación, aprobada pola Federación Galega de Orientación (FEGADO) e a Federación Española de Orientación (FEDO).

A normativa de referencia pódese consultar nas respectivas páxinas web:

https://fegado.es/web/uploads/documents/file/550/695abdb080-rev03-normas-anuais-fegado-raid-2026_v0.pdf

https://fegado.es/web/uploads/documents/file/163/695abc85b9-rev06-reglamento-fegado-raid-2026_v0.pdf

<https://www.fedo.org/web/ficheros/competicion/raids/reglamentos/2026-Reglamento-de-Raids-de-Aventura.pdf>



NORMAS PARTICULARES

Non son de aplicación normas particulares para este evento.



INSCRICIÓN

As inscricións poderán realizarse na plataforma **Tracktherace**.

A fecha límite de inscrición con tarifa reducida é o **7 de abril** (hasta as 22:00).

A fecha límite final é o **14 de abril** (hasta as 22:00).

3.0 Y 2+1:

A cota de inscrición por equipo será de 76€ (hasta as 22:00 do **martes 7 de abril**) o de 87€ (hasta as 22:00 do **martes 14 de abril**). Os membros do equipo que non dispoñan de licenza anual de raid deberán abonar 3€ por participante para a obtención da licenza para o día da proba.

Cada compoñente do equipo precisará dunha tarxeta SportIdent. No caso de non dispoñer dela, o aluguer de cada unha supoñerá 3€ adicionais. A perda ou rotura implicará o pago de 30€.

ORIENTA RAID:

A cota de inscrición será de 25€ por compoñente (hasta as 22:00 do **martes 7 de abril**) e de 30€ por compoñente (hasta as 22:00 do **martes 14 de abril**). Os compoñentes do equipo que non dispoñan de licenza anual de raid deberán abonar 3€ para a obtención de licenza para o día da proba.

O equipo precisará dunha tarxeta SportIdent. No caso de non dispoñer dela, o aluguer supoñerá 3€ adicionais. A perda ou rotura implicará o pago de 30€.



CLASIFICACIÓN E PREMIOS

No **RAID GALLAECIA OBJETIVO FENE 2026** haberá trofeos para as seguintes categorías:

- **Raid-O 3.0**
- **Raid-O 2+1**

A orde de clasificación atenderá, primeiro, a suma dos puntos obtidos e, segundo, a o tempo total invertido.



INFORMACIÓN TURÍSTICA

Aloxamentos:

<https://fene.gal/turismo/aloxamentos/gl>

Bares e restaurantes:

<https://fene.gal/turismo/restaurantes/gl>

Guías turísticas:

<https://fene.gal/turismo/guias-turisticas/gl>



ORGANIZACIÓN

Directora de Carreira: **Claudia Oreiro Chapela**
Director Técnico: **Antonio J. López Peiteado**
Xefe de Seguridade: **Fernando Silvarrey Redondo**
Xuíz Controlador: **Adrián Pérez Alonso**
Cronometraxe: **Club Gallaecia Raid**
Datos de contacto: **Club Gallaecia Raid**

Claudia Oreiro

606326755

secretaria@gallaeciaraid.org



MEDIO AMBIENTE

Dentro do noso compromiso co medio ambiente, o Club acordou adoptar una serie de medidas dentro do área de competición, dende o punto de vista ecolóxico.

Por iso, non realizaremos marcas nin sinais identificativas permanentes para a proba. Tan só poderían estar marcados como información e seguridade (mediante cinta de balizado) tránsitos curtos dende a saída (cintas reutilizadas de carreiras previas). Nos puntos de concentración, secretaria e transicións, colocaranse diferentes contedores para a selección de residuos, polo que rogamos a colaboración de tódolos corredores no proceso de reciclaxe. Empregaremos pancartas da zona de saída, reutilizadas de carreiras previas.

Tamén procederemos á retirada de todo tipo de sinalizacións instalada o mesmo día da proba e tras a finalización desta, así como á eliminación de todos os residuos eventualmente xerados.

Rogamos a todos os participantes compartir coche para achegarse ao evento, co obxectivo de reducir a emisión de CO₂.

Para o avituallamento líquido dispoñeráse de garrafas de auga, e os participantes deberán aportar o seu propio vaso reutilizable para o seu uso.

Os resultados da proba comunicaranse de forma online para eliminar a utilización de papel.

COLABORACIÓN E PATROCINADORES



GALLAECIA RAID



RAID GALLAECIA OBJETIVO FENE
BOLETÍN 2

